



PLAN DIGITAL

[IES As Bizocas]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: IES AS BIZOCAS
- Dirección: rúa Balea s/n, San Vicente do Grove, O Grove, Pontevedra
- Correo electrónico: ies.asbizocas@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesasbizocas/>
- Etapas educativas: ESO
- Nº de alumnado: 177 no curso 2021/2022
- Profesorado: 25 no curso 2021/2022

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:**

O centro responde a un entorno socioeconómico medio, medio-alto, e cultural medio, medio-baixo. A porcentaxe de pais e nais con estudos primarios supera o 50%, sobre un 11% teñen estudos de bacharelato e ao redor dun 8% licenciaturas ou diplomaturas.

Unha alta porcentaxe dos proxenitores adícanse á industria conserveira, construción e ao sector servizos e, en menor mediada á pesca e marisqueo ou as labores da casa.

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo:**

O PD cobra grande importancia dentro do Proxecto educativo do centro, sobre todo tras o período da COVID, onde se viron as carencias na formación tanto do alumnado coma do profesorado en materia de dixitalización. Isto fixo que se reflexionase sobre a formación e os medios necesarios para unha mellor dixitalización do centro.

Dentro dos plans e proxectos do centro, destaca o Proxecto de innovación CP-Innova: Edu-sostible. As actividades do centro versan ao redor deste proxecto e así o fai tamén o PD, apoiando e reforzando as actividades que se levan a cabo.

A utilización da impresora 3D cobrou maior importancia a raíz deste proxecto, así como a posta en marcha de concursos de edición de vídeo, imaxe e son relacionados co mesmo.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23:**

O PD formará parte da PXA do curso 22/23 e os obxectivos marcados no mesmo trataranse dende o inicio do curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro baséase na seguinte lexislación:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Tras a conformación do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, elaborouse un calendario de reunións para as seguintes fases da elaboración do Plan, seguindo as directrices e a temporalización marcada polo noso asesor.

Os integrantes do equipo de dinamización do Plan Dixital foron Ana María Fernández Barros e Lucía Acuña Pérez e o coordinador foi César López Garrido.

Os pasos que seguimos foron os seguintes:

1. Implementación do SELFIE. Durante o mes de novembro de 2021 levouse a cabo a súa realización reservando a aula de informática do centro para que cada grupo de alumnado, coa axuda do seu titor/a respondese ao cuestionario. Igualmente, o profesorado e máis o equipo directivo realizaron tamén o SELFIE.
- 2.A continuación levouse a cabo a realización do TestCDD por parte de todo o profesorado cuns resultados que se recollen en táboas nas páxinas 6 e 7 deste documento.
3. Os membros do equipo de dinamización e o coordinador recibiron formación online no contexto do PFPP: DAFO e Plan de acción.
- 4.O equipo dinamizador e o coordinador levaron a cabo a realización da análise DAFO da situación do noso centro educativo tal e como se recolle nas táboas das páxinas 7, 8 e 9 deste documento.
- 5.A continuación procedeuse ao deseño dos 3 obxectivos que integrarán o futuro plan de acción.
6. Finalmente lévase a cabo a redacción do documento do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro dispón dunha infraestrutura de cableado que permite a conexión de equipos na gran maioría dos espazos do mesmo: sala de profesorado, conserxería, aulas específicas, aulas convencionais, etc. Paralelamente o centro dispón dunha rede wifi instalada a raíz da inclusión do mesmo no Proxecto Abalar e que dá cobertura ás cinco Aulas Abalar das que dispón o centro aínda que os equipos de alumnado de estas aulas xa non están en uso por ter quedado obsoletos. Existe tamén una rede wifi para uso exclusivo do profesorado cos seus dispositivos particulares.

A conectividade ten mellorado bastante nos últimos tempos pero todavía presenta algunhas carencias en momentos puntuais .

- O centro dispón de dúas aulas de informática. Unha delas ten unha dotación de 24 equipos na súa maioría de recente adquisición e outra con 11 equipos máis antigos. Na biblioteca hai tres ordenadores para uso do alumnado aparte do equipo de xestión da propia Biblioteca.

Na sala de profesorado dispónse de catro equipos con conexión a internet e a maiores en dirección/xeftura de estudos hai outros dous equipos, así como en secretaría que tamén ten o seu equipo. Por outra banda, o persoal administrativo dispón tamén do seu equipo.

- En canto aos Servizos dixitais educativos máis empregados do centro destaca a aula virtual que experimentou un desenvolvemento moi alto a raíz da pandemia e o confinamento. Paralelamente están a páxina web do centro e a aplicación Abalarmóbil que son fundamentais no referente á comunicación coas familias.
- En canto á Xestión do mantemento do equipamento do centro corre a cargo, en principio do coordinador TIC coa colaboración, cando é preciso, da unidade de atención a centros.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A primeira fonte empregada para o análise DAFO foi o exercicio de reflexión SELFIE que tivo un índice de participación dun 100% (3/3) en canto aos membros do equipo directivo, un 87% (13/15) no referente ao profesorado e un 90% (162/180) en canto a alumnado.

A continuación incluimos a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		3,3			
	Profesorado		3			

	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3			
	Profesorado		2,7			
	Alumnado		2,9			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2,9			
	Profesorado		2,8			
	Alumnado		3,2			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,3			
	Profesorado		3,3			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,6			
	Profesorado		3,9			
	Alumnado		3,9			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,2			
	Profesorado		3,2			
	Alumnado		3,3			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,7			
	Profesorado		2,7			
	Alumnado		3			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,4			
	Profesorado		3,2			
	Alumnado		3,2			

A segunda fonte empregada foi o test CDD. A continuación incluímos en formato de táboas unha serie de informacións recollidas no mesmo:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>7</u>	<u>18</u>	<u>38,9</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>3</u>	<u>33,3</u>
INTERINO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>63,3</u>	<u>Explorador/a(A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>63,3</u>	<u>Explorador/a(A2)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	44,4
B1	5	55,6
B2		
C1		
C2		
TOTAL	9	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do mesmo no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	Boas infraestruturas no centro, suficientes dispositivos dixitais, alta atención á protección de datos, dispositivos dixitais para a aprendizaxe. Toma de medidas para atender a fenda dixital.	O acceso á internet é mellorable, Quedan equipos informáticos por renovar e podería haber unha mellor dotación. O alumnado non emprega os seus dispositivos na aula. As aulas de informática son insuficientes. Emprego das novas tecnoloxías: falta de fondos, equipo dixitais insuficientes, conexión a internet lenta, limitacións no espazo.
	PERSOAL DOCENTE	Está ao tanto dos dereitos de autor e licenzas de uso, manexa as novas modalidades de ensinanza integrando as tecnoloxías dixitais. Promove o debate sobre o uso da tecnoloxía. É consciente das súas necesidades de DPC, participando nel e intercambiando experiencias. Ten acceso a recursos educativos en liña. Entre o persoal docente existe unha boa comunicación e	Tempo insuficiente para afondar na ensinanza dixital Non se retroalimenta o suficiente ao alumnado nas correccións. Ten pouco tempo para a aprendizaxe de tecnoloxías dixitais e desenvolvemento de materiais dixitais. Baixa participación en redes profesionais e en programas de desenvolvemento profesional.

		<p>dispoñibilidade de recursos educativos abertos. O profesorado adapta as novas tecnoloxías para o aprendizaxe, fomenta a creatividade e implica ao alumnado fomentando a colaboración entre eles e elas, deseñando proxectos interdisciplinares. Manexa con seguridade as tecnoloxías para preparar e impartir as clases, retroalimentación, apoio e comunicación. A porcentaxe de tempo da práctica docente na aula do profesorado usando as tecnoloxías dixitais é alta.</p>	
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Manexan as novas tecnoloxías de forma eficiente e segura nas súas labores.</p>	
	ALUMNADO	<p>Dispoñen de dispositivos para a aprendizaxe Dispoñen de entornas virtuais de aprendizaxe A implementación na aula das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe adáptase ás necesidades do alumnado, traballando proxectos interdisciplinares. O alumnado ten un comportamento seguro e responsable, dando recoñecemento ao traballo dos demais e creando contidos dixitais; aprende a comunicarse e ten habilidades dixitais para diferentes materias. Saben utilizar o software/aplicacións sen axuda.</p>	<p>Non pode utilizar os seus dispositivos no centro. Non se ensina a programar. Non atopan axuda en internet. Non obteñen suficiente formación.</p>
	FAMILIAS	<p>Non hai maiores problemas coa conectividade nos fogares Utilizan as tecnoloxías no fogar para as tarefas, con fins de aprendizaxe Acceso a dispositivos fóra do centro.</p>	<p>Baixa competencia dixital.</p>
	OFERTA	<p>O centro detecta a necesidade de DPC, participa no DPC, por exemplo, fomentando o intercambio de experiencias.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>O equipo docente é organizado nas distintas estratexias existentes, como as novas modalidades de ensino, o tempo empregado para explorar a estratexia dixital. Están ao tanto das normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. Existe boa colaboración e comunicación interna promovendo o debate sobre o emprego da tecnoloxía, fomentando a colaboración entre o profesorado. O centro favorece a búsqueda de recursos educativos en liña, o emprego de entornas dixitais de aprendizaxe, a comunicación coa comunidade educativa e o emprego de recursos educativos abertos. A implementación na aula das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe adáptase ás necesidades do alumnado, fomentando a creatividade e a implicación e colaboración do alumnado, traballando proxectos interdisciplinares. O centro fomenta o emprego da tecnoloxía na avaliación das capacidades, empregando os datos para mellorar a aprendizaxe.</p>	<p>O feedback tanto do profesorado ao alumnado como entre alumnado é mellorable. sobre a aprendizaxe Experiencia no emprego de entornas de aprendizaxe. Baixo grao de implementación na estratexia dixital.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Colaboración na dotación económica para fortalecer a infraestrutura dixital e tecnolóxica</p>	<p>Limitación da dotación económica para equipos Ausencia de solucións para a limitación de espazos Falta de liberación horaria para atender á estratexia dixital</p>
	LEXISLACIÓN	<p>Apoio lexislativo ao profesorado no DPC e novas tecnoloxías.</p>	<p>Ausencia de marco legal que apoie ao profesorado nas súas necesidades educativas que require a sociedade.</p>
	CONTORNA		<p>Mellorable disposición da administración local para colaborar co centro nas súas necesidades</p>
	ANPA	<p>Alto grao de dispoñibilidade de colaboración co centro</p>	

	OUTRAS ENTIDADES		Baixa colaboración con outros centros e organizacións

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partires dos resultados da análise DAFO procedeuse a establecer por parte do equipo de profesorado encargado da elaboración do Plan Dixital una serie de obxectivos o máis concretos e realistas que fose posible chegándose finalmente a tres que aparecen desenvolvidos en formato de táboas nas páxinas seguintes.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto a equipamento, sería necesario dotar de novos equipos á aula de informática pequena (11 postos) dado que os ordenadores actuais son xa demasiado antigos e non ofrecen o rendemento adecuado.

En canto a infraestruturas, sería necesario a posta en marcha dunha aula TIC interdisciplinar tal e como recolleemos no segundo obxectivo do Plan de Acción

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: B.3 Colaboración						
OBXECTIVO 1:	Fomentar a colaboración entre o profesorado empregando TIC´s				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de grupos nos que o seguimento do alumnado se realiza a través da A.V.					
Valor de partida:	50% de grupos nos que o seguimento do alumnado realizase na A.V.					
Valor previsto e data:	90% de grupos nos que o seguimento do alumnado realizase na A.V.			Fin de curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (
A01.1: Determinación do/s encargado/s do seguimento.	Xefe de estudos	1º trimestre curso 22-23	Profesorado asignado ás titorías.	Determinación (SI/NON)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Deseño e publicación da actividade na A.V.	Coordinador Plan Dixital	1º trimestre curso 22-23	Aula Virtual	Actividade deseñada (SI/NON)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
O1.3: Informar ao profesorado de nova incorporación da metodoloxía a empregar.	Coordinador Plan Dixital	1º trimestre curso 22-23	Aula Virtual	Información (SI/NON)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Comprobación da consecución dos obxectivos	Coordinador Plan Dixital	Final do 3º trimestre	- Enquisas de titoría de cada grupo na A.V. - Recompilación de cuestionarios. - Resumo dos resultados	Resumo de resultados (% SI/NON)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C.14 INFRAESTRUCTURAS: Espazos físicos						
OBXECTIVO 2:	Posta en funcionamento dunha aula TIC interdisciplinar				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Creación do espazo.					
Valor de partida:	NON					
Valor previsto e data:	SI. Finais do 1º trimestre curso 22-23.			Fin 1º trimestre curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Deseño e asignación do horario do grupo de profesorado encargado do mantemento e dinamización da aula.	Equipo directivo.	Setembro 22-23	Dispoñibilidade horaria do profesorado implicado.	Horario do profesorado encargado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Inventariado do material dispoñible.	Equipo de profesorado asignado.	1º trimestre 22-23	Material dispoñible na aula.	Acta	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Elaboración do horario de uso da aula.	Equipo directivo. Equipo de profesorado asignado.	1º trimestre 22-23	Horario do centro	Horario de uso da aula	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D. Desenvolvemento profesional continuo (DPC)						
OBXECTIVO 3:	Mellorar o DPC no que atinxe á competencia dixital.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe do profesorado implicado na formación de mellora de competencia dixital					
Valor de partida:	0% do profesorado implicado					
Valor previsto e data:	60% do profesorado implicado			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓ		
				VALORACIÓ DA ACCIÓ	ESTADO	
A03.1: Detección de necesidades de formación do profesorado en canto a mellora da competencia dixital docente respecto a plataformas dixitais.	Equipo coordinador Plan Dixital.	Novembro 2022	ENQUISA	Enquisa A.V.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Organización da formación.	Equipo coordinador Plan Dixital.	Decembro 2022	ENQUISA	Calendario da formación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Formación	Xefe de estudos. (actas de asistencia)	Xuño 2023	Os establecidos polo CFR.	% de participación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de avaliación do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será de unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será de unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital aquí descrito debe ser aprobado polo Consello Escolar e posteriormente enviado a todo o profesorado no comezo do próximo curso para que cada responsable dos obxectivos do Plan de acción coñezan as súas funcións. Para a difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa procederase a publicar o documento na páxina web do centro así como na área de profesorado da aula virtual.